# XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ: UNHA CALA NA RECEPCIÓN DAS SÚAS OBRAS POÉTICAS NOS XORNAIS GALEGOS

Ramón Nicolás Rodríguez

Quero comezar agradecendo a invitación que recibín da Real Academia Galega para participar neste Congreso e, concretamente, formar parte desta mesa redonda que versará sobre a poesía de Xosé María Álvarez Blázquez. Para non interferir nas exposicións dos meus compañeiros de mesa optei por orientar a miña participación, nesta ocasión, cara a un asunto que sempre me pareceu significativo como é o de pescudar a recepción na prensa periódica das obras dalgúns autores e analizar os ecos críticos e valorativos que as súas propostas literarias suscitaron. Agradezo, asemade, a xenerosa colaboración que me prestaron para este efecto os profesores Ana Acuña e Xosé María Álvarez Cáccamo.

Convén tamén expor que esta intervención non está condicionada polo afán exhaustivo, isto é, non cheguei a compilar a totalidade dos textos recepcionais que a obra poética do escritor de Tui provocou, nalgúns casos por atrancos alleos a quen lles fala no proceso de pescuda e que cada día me convence máis da perentoria necesidade da posta en marcha dunha "hemeroteca nacional" que agrupase os fondos documentais e xornalísticos para poñelos ao servizo dos investigadores e interesados, hemeroteca que ben merecería levar o nome de Xosé María Álvarez Blázquez pois poucas persoas coma el o merecerían tanto por traballar con tanto agarimo e atención nos papeis antigos. Por outro lado, ocuparame o eco que os libros poéticos do autor en lingua galega suscitaron ao pouco de se editaren ou en vida do autor, centrando a atención, polo tanto, nos títulos *Poemas de ti e de min* (1949), *Roseira do teu mencer* (1950), *Cancioeiro de Monfero* (1953) e mais, finalmente, *Canle segredo* (1976), sendo conscientes de deixar fóra tanto o *Romance do pescador peleriño* (1954) e mais a *Escolma de epigramas* (1968), por non atopar referencias críticas destes libros.

Antes de analizar esas referencias faise preciso subliñar algo que, non por obvio, cómpre sempre ter ben presente, isto é, a limitada existencia de textos críticos sobre volumes poéticos galegos e de todo xénero na prensa galega ao longo da ditadura franquista. O ferrollo pechábase con forza contra as letras de noso e así se evidencia nesta cala, na escaseza de textos recepcionais que tamén afecta, non podía ser doutra maneira aos libros publicados por Xosé María Álvarez Blázquez. Navegamos, así pois, por augas procelosas, onde só aparecían algunhas illas redentoras alicerzadas na vontade dunhas poucas persoas que quixeron manter vivo o eco dos libros publicados en lingua galega.

Velaí como, no caso dos libros que nos ocupan, ofrecemos un total de sete textos críticos de diferente xorne que se ofrecen a xeito de apéndice neste relatorio, ordenados todos eles polo criterio cronolóxico. Farase, así pois, unha breve descrición do contido

e da orientación de cada un deles sen valorar particularmente os poemarios, pois voces moito máis autorizadas xa o realizaron tempo atrás ou este mesmo ano en numerosas publicacións.

Respecto de *Poemas de ti e de min* (1949), malia apuntárense nalgúns lugares (Rabuñal: 2008) a existencia de varias recensións como as subscritas por Borobó[1], Augusto Casas, Ángel Johán ou Ángel Sevillano, preséntase aquí a que subscribe este último. Sevillano, non exento de certo sentido do humor no inicio do seu texto, apreciacións que logo cualifica de "enredos", apunta a singularidade da edición deste libro que vén da man de "irmáns siameses do noso panorama literario" e sinala, asemade, a consideración do seu traballo poético como pertencente ao "tótem tribal". Intérnase, despois, na análise do volume nos termos de "limpeza", "doada craridade", "poesía xugosa", "amábel" e "sinxela", "ben conxugada en rima e imaxe", para logo advertir nela "entronques medievais" e vinculala con certas pegadas da expresión poética de Amado Carballo, Noriega, Bouza e aínda Aquilino Iglesia Alvariño para apuntar a curiosidade de que o libro presentaría a única referencia á Garda Civil que el coñece no seo da na poesía galega, facendo votos para que estes traballos poéticos dos autores gocen de continuidade.

No que atinxe a *Roseira do teu mencer* a primeira recensión debémola a un, daquela moi novo, Manuel María. Nas páxinas do *Faro de Vigo* insire unha nota crítica certamente ponderada na que comeza aludindo ao que denomina "decadencia" e "vaciedad" da lírica castelá, en oposición ao "renacer da nosa poesía". Máis adiante describe a finalidade do poemario non exento de certo lirismo e guiado por unha visión impresionista –"versos finos" [...] "con ritmo cadencioso y suave de las ondas del mar de Vigo", salientando tamén o peso da paisaxe, humana e íntima xunto con certo franciscanismo que o autor de *Catavento de neutrós domesticados* advirte na poesía de Xosé María Álvarez Blázquez, laiándose finalmente de non coñecer persoalmente o autor dos versos e tamén da brevidade dos seus versos.

É, outra volta, será Ángel Sevillano, desde as páxinas de *El Pueblo Gallego*, quen se responsabilice dunha nota crítica do devandito poemario, baixo o título de "Poemas de nenos", argumentando que estes son versos que nacen do propio corazón do poeta e apuntando a emoción que os goberna e mais o seu bo acabamento para logo advertir que, ao seu entender, a lírica de noso non reparou como debería no tema dos nenos e dos fillos como asunto poético aínda que tamén describe os perigos que poden beirear esta escolla, obrigando ao autor a fuxir da simpleza e do pueril para concluír, por último, que este libro sabe manter o "ton" e o que denomina "mensura", manifestando que se houbese máis versos deste modelo o mundo "levaría certamente outros camiños", engadindo outra anotación ben curiosa, case pasmosa, do traballo poético que desenvolve o "raio" de Mao-Tse-Tung, mentres "tumba exércitos na Corea".

E damos xa un salto no tempo nesta recepción da súa obra poética nos xornais e situámonos no ano 1971 cando Miguel González Garcés subscribe, que coñezamos, a pri-

meira revisión íntegra e de carácter xeneralista arredor da obra poética do noso autor baixo o título de "La poesía de Xosé María Álvarez Blázquez", malia que nela prescinde de citar o *Cancioeiro de Monfero* e outros textos arriba amentados. Neste artigo, ben documentado e informado, tras aludir aos seus títulos en castelán, ás pezas teatrais, ás escolmas realizadas e ás obras históricas e estudos arqueolóxicos levados a cabo polo autor de Tui vai debullando algunhas notas verbo das súas obras poéticas en galego; así pois, respecto de *Poemas de ti e de min* subliña a influencia que se percibe do Cancioneiro na súa estética, o "trobadorismo", ao seu xuízo impregnado de imaxinismo apreciando, ao tempo, a pegada da estética lorquiana; tamén consigna, como concepto escasamente referenciado noutros lugares, o feito de que o autor puido crear escola sinalando, así, a poesía de Faustino Rey Romero como debedora ou seguidora do modelo que el forneceu. Por último, non esquece a *Roseira do teu mencer* cualificándoo como libro de gran tenrura, sinxeleza e de "voluntaria y aún trabajada ingenuidad", un libro, en definitiva, "sutil, inxel y musicalmente humano".

Sete anos despois áchase a recensión de *Canle segredo* que Carlos Casares subscribe nas páxinas de *La Voz de Galicia*, dentro da sección que polos setenta e oitenta mantiña naquel xornal ao abeiro da epígrafe "A ledicia de ler". Aludindo, en primeiro lugar, a cuestións de carácter contextual e remarcando a distancia entre as datas en que foi escrito e a da publicación real, sistematiza algúns datos bibliográficos e sitúa o autor do poemario no que denomina o lugar dos "virtuosos" para, logo, salientar os valores do volume, ao seu xuízo, gobernado pola "emoción sobreposta ao virtuosismo formal", sobranceando a evocación da infancia, feita con tenrura, e o amor cantado con palabra máis humana que literaria. A continuación analiza as tres partes do libro, salientando a segunda como, ao seu entender, a mellor de todo el, para concluír cunha valoración xeral que sitúa *Canle segredo* como o mellor da súa obra poética coñecida no que o "bo oficio" e a "finura expresiva" se impón ao que denomina "voz interior".

Celso Emilio Ferreiro, nos anos do seu período vital final, mantiña unha sección nas páxinas do *ABC* baixo a epígrafe de "Escrito en gallego" na que informaba da produción literaria galega contemporánea, proxecto recollido e estudado, até onde eu sei, por Ana Acuña e Manuel Pereira e que agardamos ver axiña publicado. Pois ben, o 19 de xaneiro de 1978 subscribe unha nota crítica breve, pero celmosa, arredor de *Canle segredo*; nela, tras a introdución de carácter bibliográfico respecto do autor e o apuntamento da peripecia editorial, mesmo ecdótica, que sufriu o volume poético, engade que non por iso perdeu a súa frescura debido á temática "intemporal" que exhibe e por estar tratada coa sinxeleza do auténtico; logo cede o espazo a unha análise sincrética e coido que moi atinada, das tres partes do libro apuntando o máis esencial que paira nelas: na primeira entende a existencia dun poema de amor co concepto da maternidade e o deslumbramento do primeiro fillo como focos de atención; na segunda salienta a procura da infancia e o encontro co amor á terra nai e a saudade e, finalmente, na terceira, consigna a

modulación dos poemas vernizados polo ton elexíaco e o acento social que conclúen o poemario.

Xa por último, o catro de xaneiro de 1981, o profesor Xesús Alonso Montero, no suplemento cultural do *Faro de Vigo*, coordinado por Álvaro Cunqueiro, publica un artigo baixo o título de "O 'Cancioeiro' de Monfero: un cancioneiro medieval de 1953". Como se viu até o de aquí este libro publicado en 1953, unha fermosa brincadeira literaria suscitou, ao que parece, unha escasa atención crítica, aínda que non, por exemplo epistolar, que é outra forma de recepción e da que se falará moi brevemente despois. Neste artigo amentado, redactado bastantes anos despois da publicación do *Cancioeiro*, alén dun íncipit de carácter académico arredor da tradición trobadoresca medieval galego-portuguesa salienta o labor de espallamento que significou a *Escolma de poesía medieval* do ano 1952. Na segunda parte do artigo desvela algúns datos de interese como a ledicia con que acolleu a publicación, por exemplo, Florentino López Cuevillas, alén de sinalar que: "Sei por Xosé María que recibíu cartas de xente moi erudita –mesmo algún catedrático de Universidade– con noraboas alborozadas". Liñas máis adiante, tras se referir a algunhas palabras no prólogo que lidas con atención talvez apuntarían á lectura coherente que del se debería facer como textos apócrifos, conclúe que a familiaridade cos textos medievais constituía unha "faceta importante nun intelectual que sabía e sabe facer, entre outras importantes cousas, erudición de verdade e poesía verdadeiras".

A devandita afirmación do profesor Alonso Montero verbo do corpus epistolar que suscitou a publicación do *Cancioeiro de Monfero* viuse confirmada coa publicación, por parte do seu fillo Xosé María Álvarez Cáccamo, dun interesante artigo nas páxinas da "Revista das Letras" d'*El Correo Gallego* baixo o título de "O cancioneiro inocente de Xosé María Álvarez Blázquez", con data de 18 de decembro de 2003, ao que engade un bo número de cartas e a onde remitimos o interesado para coñecer o seu contido. Nese artigo o seu fillo deixou dito:

> A min cónstame que o meu pai, Xosé María Álvarez Blázquez, non só non se arrepentiu nunca daquela súa estupenda brincadeira, poesía de altura ademais de simpática, hábil, enxeñosa ocorrencia que fixo felices durante algún tempo á maioría dos seus destinatarios, inocentes ou non –enténdase a palabra en toda a extensión dos seus significados– senón que ten participado con leda espontaneidade noutros xogos apócrifos familiares de certa repercusión pública. Sospeito que mesmo entre as cartas aquí reproducidas, que eu topei nun único mangado so o epígrafe "Correspondencia sobre o Cancioeiro de Monfero", hai algunha tamén apócrifa. Brincadeira de Xosé María destinada aos inocentes do nadal de 2003. (Álvarez Cáccamo, 2003).

Máis acó no tempo, nun libro que ao meu ver pasou inxustamente desapercibido tanto pola súa orixinalidade como pola enorme cantidade de documentación que manexa exposta nunha prosa extraordinariamente suxestiva e rica, e refírome a *Tempo do pai*, Xosé María Álvarez Cáccamo explica con palabras certeiras:

> A través dunha información xornalística asinada por Borobó en días inmediatamente posteriores á publicación na que se insinuaban claves sobre a orixe do cancioneiros, sóubose ben cedo que se trataba dun apócrifo de intención lúdica. Xosé María encargouse ademais de desenganar aos que permanecían en estado de ilusión. Pero houbo un par deles, integrantes da escola dos solemnes maiestáticos, da triste tribo dos carentes de sentido do humor, que, en carta dirixida ao verdadeiro autor do cancioneiro, manifestaron con vehemente acritude a dimensión da súa ofensa, mancados coa agulla inocua de onde pendura o moneco de papel da inocencia [...] (Álvarez Cáccamo, 2008: 43-44).

Conclúo. No ano 1964, un xornalista chamado Xosé Los, entrevista a Celso Emilio Ferreiro, grande amigo, de sempre e para todo o sempre, de Xosé María Álvarez Blázquez, por certo a primeira persoa do mundo intelectual e cultural galego que o saúda, xunto con Darío Xohán Cabana, cando o de Celanova retorna a Vigo logo do seu periplo de exiliado político en Venezuela. O xornalista amentado cuestiónao arredor da diferenza que Celso acha entre *O soño sulagado* e *Longa noite de pedra* e o poeta responde, nunhas declaracións que, fóra da curiosa coincidencia no sintagma "canle segreda", estou certo que Xosé María Álvarez Blázquez subscribiría na súa totalidade: "A poesía é un feito vital e, por ende, variável coma propia vida. E coma un río, sempre o mesmo, e sempre distinto. As diferencias, pois, serán de matiz ou de tema, pero a canle segreda do río é a mesma".

Ata aquí a miña modesta achega verbo da recepción –parcial– dos volumes poéticos de Xosé María Álvarez Blázquez na prensa galega, escasa, abofé, pero espello das dificultades que o labor da crítica literaria sorteou en anos escuros, nun contexto xa non desfavorable senón refractario e que sempre se desenvolveu en clave de resistencia, tamén no ámbito da crítica literaria, tan deostada máis tan precisa e necesaria, sempre. Dixen.

## BIBLIOGRAFÍA

Alonso Montero, Xesús (4-1-1981): "O «Cancioeiro» de Monfero: un cancioneiro medieval de 1953", *Faro de Vigo*.

Álvarez Cáccamo, Xosé María (18-12-2003): "O cancioneiro inocente de Xosé María Álvarez Cáccamo", *Revista das Letras*. *El Correo Gallego*.

Álvarez Cáccamo, Xosé María (2008): *Tempo do pai*. Vigo: Galaxia.

Casares, Carlos (30-1-1977): "Canle segredo", *La Voz de Galicia*.

Ferreiro, Celso Emilio (19-1-1978): "Canle segreda. José María Álvarez Blázquez", *ABC*.

González Garcés, M. (23-5-1971): "La poesía de Xosé María Álvarez Blázquez", *La Voz de Galicia*.

Lois, Xosé (12-5-1964): "Celso Emilio leerá mañana...", *Diario de Pontevedra*.

Manuel María (10-1-1951): "«Roseira do teu mencer» de Xosé María Álvarez Blázquez", *Faro de Vigo*.

Rabuñal, Henrique (2008): *Xosé María Álvarez Blázquez*. Santiago: Laiovento.

Sevillano, Ángel (12-1-1950): "«Poemas de ti e de min», de José María y Emilio Álvarez Blázquez", *El Pueblo Gallego*.

Sevillano, Ángel (23-1-1951): "Poemas de nenos", *El Pueblo Gallego*.

# APÉNDICE



EL PUEBLO GALLEGO

NAVEGACION

ECONOMIA Y FINANZAS

EXPORTACION

Aumenta el comercio exterior de España

Espectáculos

En el Hogar Clínica de San Rafael

PUBLICACIONES

"Poemas de ti e ra miá", de José María y Emilio Alvarez Blázquez

BOLSA

Perón...

Fracaso yanqui...

F. VAQUERO ALFAGEME

SINDICATO PROVINCIAL DE LA CONSTRUCCION, VIDRIO Y CERAMICA

CUPON DE LOS CIEGOS 700

AVISO

ANUNCIOS ECONOMICOS



Por JESUS VILLAMOR

Saldo de géneros

La regeneración de la pesca en el Miño

Una propuesta de la Jefatura Regional Gallega de Montes, Caza y Pesca Fluvial

Numerosos atletas americanos actuaron en Europa

Subasta de una casa en Sangenjo

El deporte en la región

«ROSEIRA DO TEU MENCER», de Xosé María Alvarez Blázquez

Por MANUEL MARIA

Vuele por la Pan American a

VENEZUELA MEJICO

CENTRO Y SUD AMERICA

vía NUEVA YORK

ATENCION!

VENEZUELA Y MEJICO

ESTANISLAO DURAN E HIJOS, S. A.

PAN AMERICAN WORLD AIRWAYS

PABLO PADIN BOTANA

R. CABRERA GONZALEZ

Dr. Jiménez García


FIRMA DEL PRIMER CONVENIO COMERCIAL CON EL PAKISTAN

# Es mejor la situación aliada

*Los ingleses no abandonarán*
C O R E A

¿Está retirando China sus fuerzas?

¿Dónde está el general Rancke?

Desapareció cuando iba a ser juzgado

Para FIESTAS

Almacenes SIMEON

OTRO ANTIBIOTICO

Todo se sabe

LIBROS NOVOS

POEMAS DE NENOS

Cierre de edición

Se hará...

Bradley...

Europa...

PORTUGAL, VISITADO POR LA "GRIPE INGLESA"

ANIVERSARIO del vuelo del "PLUS ULTRA"

FOTOGRABADOS EL PUEBLO GALLEGO

Transportes WARLEM

AGENTE oficial de I. A. T. A.

Operan con éxito las columnas móviles francesas

Importantes fuerzas del Vietminh derrotadas

MEDER (SALVATIERRA)

ROGAD A DIOS EN CARIDAD POR EL ALMA

Doña Elodia González Santos

D. E. P.

NO SE ADMITEN CORONAS. VIGO, 23 de Enero de 1951

**CANLE SEGREDA**[1]
**José María ÁLVAREZ BLAZQUEZ**
**Ed. Castrelos. Vigo, 1977.**

El autor de este libro tiene en su haber de hombre de letras una extraordinaria labor, desarrollada en distintos campos de la cultura gallega (ediciones, investigación literaria y arqueológica, narrativa, etc.), pero en cambio la tiene escasa, cuantitativamente hablando, en el quehacer poético, no obstante ser un alto poeta de voz cálida y entrañable, como lo ha demostrado ya en otras –y escasas– ocasiones, y como lo confirma ahora en este libro que comentamos.

«Canle segreda» («Cauce secreto») fue escrito entre 1951 y 1953, año éste en que ganó el premio «Eduardo Pondal» del Centro Gallego de Buenos Aires, texto que por diversas razones que el autor explica en un breve prólogo permaneció hasta ahora inédito, no obstante lo cual, y pese a los veinticinco años transcurridos, mantiene su frescura y actualidad intactas, sin duda porque su temática es intemporal, o mejor dicho, de cualquier tiempo, y está tratada con la sencillez de lo auténtico.

Tres son las partes de que consta este pequeño-gran libro. Una, que le cede su título al libro; otra, **Camiños de sol**, y una tercera, **As mágoas** («Las pesadumbres»). La primera parte es un delicado poema de amor, escrito desde el sosiego, una vez traspasados los linderos de la pasión juvenil, cuando la **fervenza da iauga manantía** se remansa en la quietud y en él están involucrados el milagro de la maternidad y el deslumbramiento del primer hijo: **Ninguén sabe qué cousa / é ise cativo ser que nos rebule / polos rincóns da ialma.**

La segunda parte se abre con un hermosísimo breve poema en el que el autor manifiesta no sentir ya dolor ni ansiedad por nada de este mundo, salvo por aquel niño que yo he sido: **aquil neno que eu fun, sempre perdido**. En esta búsqueda de la infancia (la patria del hombre es su infancia, dijo Rilke) el poeta se encuentra con el amor a la tierra natal y con el temblor de la saudade: **Iste delor da terra que me aruña / na outa cova dos soños onde teño / o meu segredo amor**. Evocación del tiempo y de los lugares por donde transcurrió la purísima edad primera: **A terra estaba virxe e nos, os nenos / lle íamos pondo nomes, a brincare. / a cousa mais cativa tiña un nome / da nosa fantasía**...

La parte final se cierra con cinco poemas de tono elegíaco y de acento social, en los que el verso avanza con ritmo lento y tono profundo de canto gregoriano, para darnos el retrato de una mujer del campo, de un niño que pide limosna, de un hombre «importante» y de la soledad de una aldea donde llueve sobre el viento moribundo, **chuvia de soedad e de miseria.**

Celso Emilio Ferreiro
**ABC**, 19-I-1978

[1] O correcto sería *Canle segredo*.

A eirA das palabrAs

33

( I )

Compre, pra situarmos este libro, un lixeiro esbozo. O corpus da nosa poesía dos séculos XIII e XIV chegóu a nós en catro grandes compilacións: «Cancioneiro da Ajuda», «Cancioneiro da Vaticana», «Cancioneiro de Colocci-Brancuti» (dende 1924 na Biblioteca Nacional de Lisboa) e as «Cantigas de Santa María» cuio «autor» (repárese nas comiñas) é Alfonso X O Sabio. Descoñecidos durante séculos, inoperantes culturalmente durante moito tempo, foron descubertos ben entrado o XIX. Editados, grosso modo, na segunda mitade dese século, tardaron ainda bastante en saír do círculo restrinxido dos filólogos e dos eruditos.

Concretamente en Galicia, pra encontrarmos unha boa escolma, unha antoloxía concienzuda desta poesía, hai que chegar ó ano 1953, ainda sendo Galicia a patria de Martín Códax, Mendiño, Airas Nunes, Joan Airas, Afonso Eáns do Cotón, Joan de Requeixo, Bernal de Bonaval, Paio Gómez Chariño e outros moitos mestres da lírica daquel tempo. Refírome, obviamente, á «Escolma da poesía medieval» que no ano 1952 publicóu en Vigo, berce de Martín Códax, Xosé María Alvarez Blázquez. Este florilexio (pródigo en notas biográficas, lingüísticas e valorativas de moita eficacia) ten sido unha sucesiva invitación pra asomármonos ó palacio real da poesía galega da Edade Media. Céntonas que moitos lectores (profesores, estudiantes de Letras, etc.) entraron nese estupendo bosque literario por esta porta.

( II )

Así as cousas, Xosé María Alvarez Blázquez sorprende ó mundo erudito galego e a non poucos romanistas de fora coa

CANCIOEIRO DE MONFERO

(SÉCULO XIII)

EDICIÓN E LUGAR. DE

XOSE Mª ALVAREZ BLAZQUEZ

# O «CANCIOEIRO» DE MONFERO: UN CANCIONEIRO MEDIEVAL DE 1953

publicación, un ano despóis, en 1953, do «Cancioeiro de Monfero», opúsculo de 16 páxinas que contén oito poemas do século XIII. O engaiolante manuscrito, atopado entre unhos papeles vellos por Alvarez Blázquez e Luís Viñas Cortegoso (directores de Edicións Monterrey) contiña 39 poemas dos que Xosé María somente publica unha parte, oito, entre os que encontramos cántigas de amigo, cántigas de amor e cántigas satíricas, os tres xéneros «canonizados» na famosa Poética do «Colocci Brancuti».

Recordo ainda con precisión —era inverno do ano 1954— a ledicia coa que me comunicóu en Ourense Don Florentino López Cuevillas a aparición deste cancioneiriño. Sei por Xosé María que recibíu cartas de xente moi erudita —mesmo algún catedrático de Universidade— con nerabeas alborozadas. Pois ben, o «Cancioeiro de Monfero» era un apócrifo. Estaba daquela o autor tan mergullado nese eido poético, coñecía tan ben e con tanto detalle fórmulas, recursos e motivos da nosa vella poesía amorosa e satírica, que o resultado foi unha moeda literaria na que era certamente difícil descubrir a falsedade. Como moeda lexítima circulóu algún tempo hasta que o propio Alvarez Blázquez, naigún caso, tivo que descubrir o secreto.

Hai no prólogo, por certo, pró lector atento, unhas palabras que deberían teres sido en conta: «Pasado agora adiante, e axiña me diredes si o Cancioeiro de Monfero está ou non ben trovado». Dito de outro xeito, «se non é vero é ben trovato».

Abonda, pra decatármonos de que as oito trovas están ben trovadas, reproducir este poema:

Madre, a San Trançon irei
e no río banharme ei
ante que saya l'albor.
Irei, madre, á romaría
e banharme ei, a fe mía,
ante que saya l'albor.
Banharme ei, ben volo digo,
ó non sêbia meu amigo,
ante que saya l'albor.
(Banhar)me ei, por ren que seja;
(ó meu a)migo non veja.
ante que saya l'albor.
(C. M., 29)

O poema, unha cántiga de amigo ben clara, reflexa moi ben a lingua das cántigas auténticas e imita con moito tino o paralelismo e o «leixa-pren» de moitas destas composicións. Calquera das outras seis poemas «encontrados» polo dilixente erudito, proban a familiaridade de Xosé María Alvarez Blázquez coa nosa poesía medieval, feito importante nun intelectual que sabía e sabe facer, entre outras importantes cousas, erudición de verdade e poesía verdadeira.



XESUS ALONSO MONTERO



MULTIPLIQUE SUS INGRESOS
Instalando un invernadero con láminas de plástico de larga duración. Información INDUSTRIAS PLASTICAS ARIAS. Teléfonos 21 86 71 y 21 37 91, horario de 7 a 3. LUGO.

EMPRESA MULTINACIONAL DE SE-